



## Delegación en Lugo da F.G.A.

Avda. Filarmónica Lucense, 3. Edif. Estadio Gregorio Pérez Rivera.  
Telf.: 982251999 / 636426792 – Email: [fgatletismolugo@gmail.com](mailto:fgatletismolugo@gmail.com)  
Páxina Web: <http://www.fgatletismo.es/lugo/> – 27002 – LUGO



### **CIRCULAR LU08/2014**

- Aos atletas, adestradores e clubes

## **IV TROFEO COPA DIPUTACIÓN DE LUGO**

### **4ª Xornada 24 de maio 2.014**

A Delegación en Lugo da Federación Galega de Atletismo en colaboración ca Vicepresidencia Primeira da Diputación de Lugo organiza a 4ª proba o vindeiro 24 de maio, en xornada de tarde, do **IV Trofeo Copa Diputación de Lugo** no Estadio Gregorio Pérez Rivera de Lugo. Baixo o control técnico do Comité Galego de Xuices.

### **REGULAMENTO**

**Art. 1.** Poderán participar todos atletas que o desexen e se atopen en calquera das seguintes condicións:

- Atletas que ficharan ao longo da tempada actual (2013/14) por algún Club pertencentes a Comunidade Galega.
- Atletas con ficha pola Federación Galega de Atletismo aínda que pertencen a clubes doutras Comunidades Autónomas.
- Atletas non galegos ou estranxeiros convidados expresamente pola Federación Galega de Atletismo, que non reúnan ningunha das dúas anteriores condicións
- Atletas de categoría **cadete ata veterans**.

**Art. 2.** As inscricións faránse a través do sistema online da web da RFEA (<https://isis.rfea.es/sirfea2/>) ata as 23:00 horas do xoves anterior a celebración das probas. **As inscricións realizadas fora de prazo, cobrarase 5 € coa entrega do dorsal.**

**Art. 3.** Nas probas de velocidade indícarase a mellor marca. As series realizaranse agrupando os atletas por marcas, aqueles atletas que non indiquen mellor marca serán incluídos aleatoriamente no resto das series.

**Art. 4.** A táboa en *todas as probas de lonxitude* estará situada a 3 m. É necesaria **marca mínima para participar**.

**Art. 5.** Cada atleta retirará o seu dorsal na secretaría da competición ata **60 minutos antes da saída de cada proba**. Pasado este período non se admitirá a participación do atleta. Os **artefectos para homologar** recolleranse ata 60 minutos antes do inicio da proba.

**Art. 6.** Os atletas deberán empregar o dorsal outorgado pola organización de forma totalmente visible, en toda a superficie. O incumprimento desta norma será motivo de descalificación. Será responsabilidade dos atletas levar consigo 4 imperdibles para a colocación do dorsal, a organización non facilitará imperdibles.

---



## Delegación en Lugo da F.G.A.

Avda. Filarmónica Lucense, 3. Edif. Estadio Gregorio Pérez Rivera.  
Telf.: 982251999 / 636426792 – Email: [fgatletismolugo@gmail.com](mailto:fgatletismolugo@gmail.com)  
Páxina Web: <http://www.fgatletismo.es/lugo/> – 27002 – LUGO



**Art. 7.** O horario é o seguinte:

HOMES	HORA	MULLERES
400 m.v. (0,91 m)	16:30	Lonxitude (cad a senior)
Disco (cad a senior)		Disco (cad a senior)
300 m.v.	16:40	
	16:50	300 m.v.
	17:00	400 m.v.
1.500 m.l.	17:10	
	17:20	1.500 m.l.
100 m.l.	17:30	
	17:50	100 m.l.
Lonxitude (cad a senior)	18:00	Altura (cad a senior)
Altura (cad a senior)		
300 m.l.	18:10	
	18:20	300 m.l.
1.000 m.l.	18:30	
	18:40	1.000 m.l.
200 m.l.	18:50	
	19:00	200 m.l.
	19:15	100 m.v. (0,76 m)
100 m.v. (0,91 m)	19:30	
110 m.v. (0,99 m)	19:40	
400 m.l.	19:55	
	20:00	400 m.l.

**Art. 8.** O regulamento completo pódese consultar na circular **LU01/2014**, na páxina web da delegación de Lugo.

**Art. 9.** Todo o non disposto no presente Regulamento resolverase de acordo coas normas da I.A.A.F.

En Lugo, 19 de maio do 2014

Asdo. Pablo Gandoy López  
Delegado da FGA en Lugo